

**Follas do Cineclube | 1/12/2021**

ALET IT BE

(Michael Lindsay-Hogg,  
Reino Unido, 1970, 80', VOSG)

01

**[Tirado de Hiatt, Brian, "Original 'Let It Be' Director Defends His Film: 'I Don't Care' That Ringo Hates It" en, Rolling Stone, <https://www.rollingstone.com/music/music-features/original-let-it-be-movie-michael-lindsay-hogg-peter-jackson-get-back-1250561/>]**

Michael Lindsay-Hogg, director en 1970 do documental sobre os Beatles *Let It Be*, perdido hai tempo, está a piques de ver as súas 56 horas de filmación orixinal remontadas nun filme completamente diferente: a meticulosamente restaurada *The Beatles: Get Back* de Peter Jackson, de seis horas de duración divididas en tres partes, estreada o 25 de novembro en Disney+. Pero Lindsay-Hogg non sente que o seu traballo estea sendo borrado. "A obra orixinal existe", di o director, que aínda non viu o filme completo de Jackson (dixéronlle que aínda non fora rematado), "e sei o que penso dela".

Lindsay-Hogg traballou de director no lendario programa musical da BBC *Ready Steady Go!*, e logo paso a dirixir videoclips para os Beatles e os Stones, ademais de dirixir o especial *The Rolling Stones Rock and Roll Circus*, que non foi estreada ata o seu lanzamento en DVD en 2004. A finais de 1968, os Beatles recrutárono para un especial de televisión que co tempo mutaría en *Let It Be*, documental de *cinéma vérité* que capturaba aos Beatles no ano final da súa existencia como grupo, se ben non a súa separación: seguirían xuntos para a gravación do *Abbey Road* tras as sesións de *Let It Be*. Aínda hoxe permanece como a ollada máis crúa e menos ornamentada ao grupo, a razón principal de que o filme non estea dispoñíbel de maneira oficial, se ben Lindsay-Hogg é optimista con que a situación cambie pronto (...)

**P: *Let It Be* estivo brevemente dispoñíbel en formato de vídeo doméstico nos anos 80, pero desde entón está fóra de circulación. Resultouche frustrante que lle deixasen a Peter Jackson remontar a metraxa, e como soubeches deste novo plan?**

R: Sempre estiven facendo campaña para que *Let It Be* se editase dalgunha maneira. Porque semellaba haber unha audiencia para ela. Gústame *Let It Be*. E sempre pensei que, por unha serie de causas que non eran culpa súa, ocupaba unha mala posición no mundo dos documentais de rock'n'roll, mesmo dentro da tradición dos Beatles. Hai como tres anos fun a Londres e vin ao meu amigo Jonathan Clyde, que é unha figura clave [dentro de Apple Corps., a compañía dos Beatles] e dixome: "Está pasando algo do que deberíamos falar. Peter Jackson botoulle un ollo ao vello material. E pensa que talvez lle gustaría probar a facer algo con el. Como te sentirías con iso?"

E penso que o que esperaban de mi, por así dicilo, é que armase un Cristo. E non armei Cristo ningún. Dixenlles que estaría xenial. Porque eu non quería facelo de novo. Xa fixen a miña. Xa vin esas 56 horas de metraxa hai anos. Adoro o traballo de Peter. E entón pensei, se está a piques de caer nas súas mans, é imaxinativo e resistente abondo e, segundo me dixeron, adora aos Beatles. Eu tiven que cortar algunhas cousas, que sempre esperei que volvesen saír á luz. Agora vai editar seis horas contra a miña hora e media. Non habería maneira de que en 1970 nos deixasen sacar seis horas dos Beatles como un filme!

**P: Nunha das túas primeiras reunións cos Beatles para falar do proxecto que resultaría en *Let It Be*, é certo que John che puxo unha gravación en casete del e Yoko tendo sexo?**

R: Ben, puxo a casete no reprodutor e deulle ao botón. E ao comezo non podía estar moi seguro do que era, porque se escoitaban murmurios. Pero entón decatábaste pola maneira tan íntima na que falaban, polas pausas, polos xemidos de pracer que iso era o que estaba a acontecer. Lembro pensar que foi unha salva extraordinaria. E que iso era el dicindo "Isto é o que está a pasar agora mesmo. Somos ela e máis eu. Non sodes vos, os tres tipos cos que crecín. Somos ela e e, e este é un aspecto da miña vida que non vai cambiar". Así que penso que foi algo así como unha tarxeta de presentación.

**P: Certamente é unha maneira potente de lanzar esa mensaxe.**

E estraña! Estes eran homes que nalgún momento compartiran pisos de unha soa habitación e un pequeno aseo en Hamburgo durante meses. E se coñecían os uns aos outros e eran extremadamente heterosexuais. E dalgunha maneira quedaron calados con isto. E entón un deles dixo "Vaia, iso é interesante".

**P: Ringo é abertamente amargo co teu filme orixinal. Díxome que "non había alegría" nel.**

R: Persoalmente, non me importa. É a súa opinión. E todos temos unha. Quero dicir, a versión educada sería dicir que todo o mundo ten os seus cóbados igual que ten as súas opinións. Gústame Ringo. E non creo que vise o filme nos últimos 50 anos. Non esquezas, rodámolo en xaneiro do 69. E o montamos en agosto, talvez chegando a setembro, así que probablemente estaría listo en setembro ou outubro do mesmo ano. E houbo unha serie de asuntos cando estaba a piques de ser estreado, porque Allen Klein [o xerente] quería ter unha cadeira no consello da Metro-Goldwyn-Mayer, e para iso estaba intentando valerse do filme. Iso non lle funcionou, así que volveu a falar coa United Artists. Pero iso foi arredor do momento en que os Beatles están comezando a separarse.

E coido que, se non tes visto o filme en moito tempo, e non tes as mellores lembranzas do mundo da época, todo iso se mestura no teu cerebro cando pensas nel. Porque cando eu o vin por última vez pensaba, "De que está a falar?". De feito hai moita alegría e conexión e colaboración e bos momentos e brincadeiras e afecto en *Let It Be*. Remata co concerto da azotea, que era a primeira vez que tocaban xuntos en público dende había tres anos, e iso é máxico. E están a pasalo tan ben. Danse de conta, "Hostia, estabamos a perdernos isto". E ao longo de grande parte do filme están felices e intentando sacar adiante as cousas. Non sempre tes un sorriso no rostro cando estás intentando solucionar algo. Estás pensando. Así que non creo que a teña visto en moito tempo. E de novo, desde o respecto, non me importa. El é un ser humano extraordinariamente vivo e divertido

**P: Segundo o recordas, tocar na azotea foi a túa idea, non si?**

R: Asumín que era o meu traballo dicir que precisabamos un lugar ao que nos tiñamos que dirixir, precisabamos un punto no que rematar, unha conclusión. E foi entón cando dixen, "Por que non o facemos na azotea?". Porque pensaba que iso era parte do meu traballo, ofrecerlles opcións. Non porque lles fallasen as ideas ou a imaxinación. Meu deus, non. Pero tiñas que axudarlles a centrarse porque tiñan outro millón de cousas que facer, entre elas gravar un elepé.

## ENTREVISTA A MICHAEL LINDSAY-HOGG

**BRIAN HIATT**

**P: Sabemos que George Harrison deixou temporalmente os Beatles mentres estabas a rodar, pero iso non rematou no filme. Peter Jackson dixo que a súa versión incluíra ese momento. Que había detrás da túa decisión de non incluílo no filme?**

R: Ben, eu non tiña unha peza clave de información que Peter ten agora. Adoitabamos comer xuntos todos os días na pequena cafetería que había nos Twickenham Studios [onde se gravaran os primeiros segmentos do filme], e fixen que o noso técnico de son microfona-se o testo. George non estaba ao comezo da comida, e logo chegou e quedou ao outro extremo da mesa. Levaba aquel precioso sombreiro negro de pana, e entón dixo “Véxovos nos bares”. Querendo dicir, déixoo. Xa nos atoparemos no Scotch Club ou no Ad Lib, pero marchou dos Beatles. E John sempre reaccionaba ás provocacións moi rápido, e entón dixo “Oh, vaia, sabes, entón metamos a Eric Clapton, el non dá tanto a lata.” Pero cando reproducín o audio todo o que se escoitaba era o tintinar dos cubertos e os pratos e voces inaudíbeis. Peter ten acceso a estas novas tecnoloxías de son extraordinarias que poden separar e limpar anacos de audio dentro dunha mesma pista, entón penso que el podería ter conseguido algo desa comida.

**P: Entón estás sentado comendo cos Beatles: George anuncia que deixa o grupo diante túa e John propón reempresalo con Eric Clapton. Debiches enfurecer por non ter filmado eses momentos.**

Si, estaba a pensar “Onde están as cámaras?”. Pero tampouco era tan sorprendente, porque John e Eric xa tocaran xuntos, estiveran un mes antes no Rock and Roll Circus dos Rolling Stones. Eu sabía que eran amigos, probabelmente colegas de pillar drogas.

**P: Alén dese audio perdido, houbo algunha presión dos Beatles non querendo amosar a George deixar o grupo no filme?**

R: Comprendín, e lembra que ademais dos intérpretes eles eran os produtores, que máis ou menos querían que o entorno Beatle parecese un bo lugar no que estar, que no mundo Beatle a ponte que conducía ao castelo non ía caer. Que non había tiburóns no foso, que as almenaras non estaban acendidas. Que o mundo Beatle aínda era máis ou menos como a xente desexaba que fose. O que significa que George deixando os Beatles non daría exactamente a imaxe que estaban a buscar co filme.

**P: Como cho fixeron saber?**

R: Sería algo así como, pode que fose Paul, pode que fosen Paul e Ringo, me dirían “Sabes cando George o deixou? Non sabemos se precisamos iso no filme. Agora xa volveu todo á normalidade, así que...”

**P: Tal e como quedou, os breves momentos de tensión que amosas entre Paul e George están entre as metraxas máis famosas dos Beatles xamais capturadas.**

R: Moita xente quedou sorprendida. Porque os Beatles sempre foran retratados como os *moptops*<sup>1</sup>, eles eran tan fodidamente

adorábeis. Na vida real, eran tipos duros. Iso remóntase ao lugar de onde viñan. Liverpool era unha cidade difícil. Non me tería gustado especialmente atoparme con Paul McCartney nunha calexa a escuras se lle tivese caído mal.

**P: En particular nas escenas dos Beatles ensaiando nos Twickenham Studios nos primeiros momentos do filme dá a impresión de que estabas desmitoloxizando deliberadamente aos Beatles.**

R: Quería amosar que non era que simplemente aparecesen cos seus traxes de veludo e o cabelo brillante. Había moito traballo por detrás. E os ensaios, mesmo para os participantes, poden ser aburridos e esgotadores... Sempre pretendín que fose unha ollada pura cara os Beatles, porque eu non tiña axenda ningunha.

**P: Contáchesme hai anos que mentres estabas a filmar os Beatles comezaban a non soportarse. Agora temos esta nova narrativa de que, de feito, as cousas non estaban tan mal como semellaban, e que imos ver nesta versión de seis horas que en xeral aínda se levaban bastante ben. Cal é a verdade?**

R: Ben, é como cando falas de calquera familia: ambas as dúas. Ambas versións son certas. Se era martes pode que non se estivesen a levar tan ben. Pode que estivesen frustrados polo traballo. Pode que estivesen frustrados polo que pasaba na casa. Pode que George estivese frustrado porque non lle deixaban aportar tanto como el cría merecer. Pode que John estivese frustrado por causa dun mal xute de heroína. Quen sabe. Pero a maiores estaban alí sobre todo para traballar. Eran seres humanos vivindo as súas vidas, bos días e malos días. Peter ten un lenzo maior, así que o seu retrato vai ser máis grande.

**P: Como de seguro estás de que John estaba a meterse heroína durante as sesións?**

R: Sospeitábo. Había un fulano bastante interesante que andaba cos Rolling Stones e con John ao que chamaban Spanish Tony. Tony era un tipo moi atractivo que lle facía de trapi a Keith. É incríbel que Keith aínda estea vivo. Tony era unha persoa afábel, quero dicir, non che ía vir cunha navalla no peto, pero cando estaba aí, é que tiña algo que ver coas drogas. Tamén sabía polo que dicía a xente que John estaba probando cousas. E tal e como sabemos pola canción “Cold Turkey”<sup>2</sup> [sixelo editado máis tarde ese ano], a cousa acabou indo a maiores.

**P: Aínda confías en que a *Let It Be* orixinal poida ser editada dunha forma ou outra?**

R: Ben, cando falei con Jonathan Clyde aquel día dixo que o plan era atopar algunha maneira de volver lanzar *Let It Be* despois de que a montaxe de Peter fixese o seu percorrido, sexa nalgunha das moitas plataformas de *streaming*, sexa en forma de estrea en salas limitada. Sei que o cinema de Tarantino en Hollywood, o New Beverly, quixo proxectar o filme. Está no interese de todos lanzar *Let It Be* de novo despois da obra de Peter porque son filmes totalmente diferentes. Non son competidores.

<sup>1</sup> Peiteado masculino típico da época asociado á imaxe dos primeiros Beatles.

<sup>2</sup> Expresión inglesa que fala do síndrome de abstinencia.

**CINECLUBE  
DE  
COMPOSTELA**

**DEC  
2021**

**ASOCIACIÓN**

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.wordpress.com](http://cineclubedecompostela.wordpress.com) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

**PROXECCIONS**

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

**1 DE DECEMBRO**

ALET IT BE  
(Michael Lindsay-Hogg, Reino Unido, 1970, 80', VOSG)

**15 DE DECEMBRO**

A LONGA DESPEDIDA  
(Долгие проводы, Kira Muratova, Rusia 1971, 95', VOSG)

**22 DE DECEMBRO**

A IMAXE DA GALIZA NO NO-DO  
Sesión programada e presentada por **Beatriz Busto Miramontes**